



ORDENANZA FISCAL Nº 21

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR DEREITOS DE EXAME

Exposición de motivos.

A inclusión dos dereitos de exame nas bases de selección do persoal ten unha larga tradición, dende o principio do século pasado. Con eles tratábase de compensar as administracións públicas dos gastos que lles producían os procedementos selectivos.

Estes gastos consisten, en esencia, nas indemnizacións dos tribunais de selección, aínda que na actualidade unha partida importante está representada polas distintas publicacións.

Na administración central a Lei 13/96, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social introduciu como feito impositivo "la participación como aspirantes en oposicións, concursos o probas selectivas de acceso a la administración pública".

Seguindo este modelo e por razóns de seguridade xurídica tamén se regula, no eido municipal, por medio da ordenanza fiscal, ó abeiro do artigo 20 e concordantes da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Artigo 1º.-Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 o 27 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por dereitos de exame, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ó previsto no artigo 58 da Lei 39/1988.

Artigo 2º.-Feito impositivo.

Constitúen o feito impositivo da taxa a participación como aspirante en probas selectivas de acceso ou de promoción a corpos e escalas de funcionarios ou categorías de persoal laboral fixo convocadas polo Concello de Vimianzo.

Non están suxeitos a esta taxa a participación en procesos selectivos para persoal laboral temporal.

Artigo 3º.-Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas que soliciten a inscrición como aspirantes ás probas selectivas contidas no feito impositivo da taxa.

Artigo 4º.-Cota tributaria.

A cota tributaria determinarase por unha contía fixa sinalada de acordo coa seguinte tarifa, que se estrutura nos seguintes epígrafes:

2.1.- Procesos selectivos para prazas de funcionarios de carreira do grupo "A" ou persoal laboral fixo do grupo I: 48,01 Euros.

2.2.- Procesos selectivos para prazas de funcionarios de carreira do grupo "B" ou persoal laboral fixo do grupo II: 41,97 Euros.

2.3.- Procesos selectivos para prazas de funcionarios de carreira do grupo "C" ou persoal laboral fixo do grupo III: 35,97 Euros.



2.4.- Procesos selectivos para prazas de funcionarios de carreira do grupo "D" ou persoal laboral fixo do grupo IV: 29,99 Euros.

2.5.- Procesos selectivos para prazas de funcionarios de carreira do grupo "E" ou persoal laboral fixo do grupo V: 24,02 Euros.

A contía esixible como taxa por dereitos de exames consignarase expresamente nas disposicións que regulen os respectivos procesos selectivos, como norma especial.

Esta contías actualizaranse paralelamente ás da Xunta de Galicia para o seu persoal, establecendo unha remisión expresa a súa normativa reguladora.

Artigo 5º .-Bonificacións da cota.

Por motivos de integración social e laboral, concederanse a parados de longa duración, cunha antigüidade mínima dun ano, e minusválidos, cun porcentaxe de minusvalía recoñecido superior ó 33%, bonificación do 10% da cota tributaria.

Artigo 6.º .-Devengo.

Devengase a taxa e nace a obrigaçión de contribuír cando se presente a solicitude de inscrición nas probas selectivas.

Artigo 7º .-Ingreso.

1. O ingreso poderá realizarse na Caixa Municipal, directamente na conta corrente que determine o Concello ou mediante transferencia dende calquera entidade bancaria, á conta sinalada polo Concello.

2. Xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, debe acompañarse o resguardo acreditativo de pago dos dereitos de exame. No caso de que o ingreso se fixese nunha oficina bancaria, deberá figurar na solicitude o selo da entidade que xustifique o referido pagamento.

3. A falta de xustificación de abono dos dereitos de exame determinará a exclusión do aspirante. En ningún caso a presentación e pago no banco suporá substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude ante o órgano competente.

Disposición final.

A presente Ordenanza Fiscal, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o vintetrés de marzo de dous mil dous, entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A presente ordenanza Fiscal publicouse no [Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 140 do 20 de xuño de 2002.](#)